

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 6 OUTUBRO DE 2022

Na Sala de Comisións do Pazo Provincial, sendo as doce horas e trinta e nove minutos do día seis de outubro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Carlos López Font, Deputado delegado de persoal
- Martín Giménez Calviño, coordinador de Réxime Interno, en calidade de asesor
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Juan Carlos de la Vega Castiñeiras, Roberto Crespo Barreiro, Rosana Macías Albela, M^a Teresa Macías Albela e Iria Fernández Delgado
- Sindicato UGT: Patricia García Martínez, Luis Ignacio García Seco, Luis Lago Serafín e Domingo Barros Montáns
- Sindicato CIG: Adrián Blanco Cortegoso e Bernardina Porral Mosquera

O deputado delegado, dá paso ó primeiro punto da orde do día e propón á xefa do Servizo de RRHH e Formación que explique brevemente. Así mesmo, informa que a continuación intervirán as seccións sindicais por orde de menor a maior representación. Pon de manifesto que se recollerán todas as aportacións realizadas e auto convoca ós asistentes a unha reunión que se celebrará o próximo luns, de outubro, ás 12:30 h.

1º.- Orzamento 2023: Cadro de persoal, relación de postos de traballo e bases de aplicación de retribucións.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, explica que enviouse a proposta do deputado, o informe incompleto do Servizo de RRHH e as bases de aplicación de retribucións.

Bernardina Porral, manifesta que tiveron pouco tempo para estudar a documentación. Considera que isto parece un mercadeo de complementos, postos e prazas. Fai constar que non van apoiar os orzamentos nin van asistir á reunión do luns. Expón que ou negociase unha RPT en conxunto ou non van falar disto.

A delegada sindical de UGT, considera que tiveron moi pouco tempo, pero nunha primeira visual hai cousas que lles chaman a atención, entre elas, a creación da praza do grupo A2, en Servizos Lingüísticos. Pregunta se é por acceso libre.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que o sistema de acceso determinarase no seu momento e que non se trata dunha reclasificación.

A delegada sindical de UGT, comenta en relación ó orzamento de Servizos Lingüísticos que hai prazas do Grupo C1 que desenvolven funcións superiores, de tradutor.



A xefa do Servizo de RRHH, aclara que a proposta ven da xefatura do Servizo.

O deputado delegado, pide que se formulen preguntas concretas. Non van solicitar informes ós xefes de Servizo, nin van retratar a estes por si deberían pedir outra cousa do que pediron. Fai constar que a proposta deriva das peticións dos xefes de Servizo gardando sempre un equilibrio.

A delegada sindical de UGT, pide que a praza do grupo A2, de Servizos Lingüísticos se cubra por promoción interna.

O delegado sindical de CCOO, manifesta que se lle enviou moita documentación para analizar en pouco tempo polo que presentarán as alegacións por escrito.

A delegada sindical de UGT, recorda que no seu día pediron iniciar un novo proceso de funcionarización. Agora fálase de funcionarizar o persoal do Servizo de Turismo, pero pregunta cal é a previsión de funcionarizar ó persoal do resto de Servizos.

O deputado delegado, aclara que haberá que determinar que prazas son obxecto de funcionarización.

Bernardina Porral, comenta que non ten sentido que se seguiran ofertando prazas de persoal laboral no Oral e entende que todos os postos son susceptibles de funcionarización.

Domingo Barros, informa que Europa dixo que non entendía moi ben que era iso de persoal laboral na Administración.

A delegada sindical de UGT, expón que o persoal do Oral que non se funcionarizou fai as mesmas funcións que o persoal funcionario.

En relación coa elaboración da RPT a **xefa do Servizo de RRHH e Formación**, informa que se está a valorar o custo do traballo a desenvolver para elaborar un novo documento que recolla os organigramas de todos os centros e servizos da Deputación coa correspondente descrición de funcións. A previsión é que se adxudique a contratación este ano para así comezar o traballo no próximo exercicio. De momento estase a deseñar a información requirida e procedemento a seguir, no que se dará participación aos representantes de persoal.

O deputado delegado, comenta que do que se trata é de coñecer o que temos para poder actuar.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as trece horas e dezaseis minutos, do que como secretaria dou fe.



ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 10 OUTUBRO DE 2022

Na Sala de Comisións do Pazo Provincial, sendo as trece horas do día dez de outubro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Carlos López Font, Deputado delegado de persoal
- Martín Giménez Calviño, coordinador de Réxime Interno, en calidade de asesor
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Juan Carlos de la Vega Castiñeiras, Roberto Crespo Barreiro, Basilia Martínez Bernárdez e Iria Fernández Delgado
- Sindicato UGT: Patricia García Martínez, Luis Ignacio García Seco e Luis Lago Serafín

O deputado delegado, saúda ós asistentes e informa que recibiron alegacións ó orzamento por parte das seccións sindicais CIG, UGT e CCOO.

Comenta que comezarán coas alegacións da CIG, e como non acudiu á reunión de hoxe, exporá un resumo a xefa do Servizo de RRHH e Formación, para xeral coñecemento.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, expón un breve resumo de ditas alegacións:

1. Volve a reiterar, que mentres non se faga un estudio da plantilla, elaboración dunha nova RPT e revisión de tódolos conceptos retributivos de todo o persoal non van a debater ningunha das cuestións formuladas
2. A forma de provisión dos postos da Deputación provincial ven reflexada no Acordo Regulador e no Convenio Colectivo, así como a carreira profesional e a promoción interna do persoal. Polo que calquera intento de variar o sistema establecido contará coa oposición da CIG.
3. Non entran a valorar cada posto porque queren que se estude a totalidade da RPT.
4. Aínda así creen que se deberían ter en conta as seguintes consideracións:
 - a. Actualizar a contía das horas extras con contía única para todos os grupos de titulación.
 - b. Actualizar as contías das xornadas especiais, traballo en sábado, domingos e festivos
 - c. Actualizar/homoxeneizar os CD en todos os postos.
 - d. Revisar todos os CE, e logo pactar como aplicalos. Hai moitos postos con funcións idénticas e a uns se lles modifica e a outros non.
 - e. Mesmos complementos específicos para os postos de técnicos/as educativos e os postos de educador/a; xa que as diferenzas nas funcións que realizan son inexistentes
 - f. Resulta excesivo o número de dedicacións que hai e que se manteñan ano tras ano
 - g. Están en contra da apertura de postos a outras administracións, salvo que sexa recíproca
 - h. Non están de acordo co cambio do sistema de provisión de posto de vicesecretario
 - i. Como se sigan creando postos de xefes e “xefes de xefes” imos ter unha plantilla na que todos sexan xefes e non haxa quen faga o traballo



- j. Solicitan que a igual traballo igual salario. Por iso rexeitan a proposta presentada e non entran no mercadeo, de a este si e a este non, das propostas, ata que se faga un estudio pormenorizado que culmine coa realización e aprobación dunha RPT.

A delegada sindical de UGT, manifesta que parten dunhas alegacións xerais. Solicitan a funcionarización de todo o persoal laboral da Deputación. No seu día solicitaron que se lles facilitara un listado de postos de persoal laboral fixo susceptible de ser funcionarizados. Fai constar que non tiveron noticia e a sorpresa é que se formula unicamente funcionarizar dous postos do Servizo de Turismo. Entenden que a funcionarización debe ser para todo o persoal laboral. Manifesta que queren reactivar este proceso.

O coordinador de réxime interno, informa que estiveron valorando a petición de funcionarización. Comenta que se van engadir prazas neste orzamento sen dotación orzamentaria, para a funcionarización do persoal que reúna as condicións para unha promoción interna horizontal. Informa que o proceso desenvolveríase no ano 2023, para tomar posesión no ano 2024, e co novo orzamento consolidar a situación. Manifesta que o mecanismo sería o mesmo que no Oral.

A delegada sindical de UGT, fai constar que piden a revisión do complemento específico para a dedicación parcial e solicitan unha presenza obrigada de 10 h en lugar de 15 h.

O coordinador de réxime interno, informa que se vai cambiar e axustar.

A delegada sindical de UGT, explica que en canto ás horas extraordinarias, as Bases de Aplicación de Retribucións, sinalan que “no réxime de xornada laboral continuada, non terán a consideración de horas extraordinarias os excesos de xornada diaria inferior a unha hora”. Propoñen eliminar a referencia “diaria” nos excesos de xornada continuada. Entenden que o cómputo de horas extraordinarias debe ser mensual e non a xornada diaria. Considera que as fraccións diarias deben ser valoradas. Manifesta que hai diferenza entre as horas extraordinarias do persoal a xornada laboral continuada e a quendas.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que as persoas que traballan a quendas non fan horas extraordinarias.

A delegada sindical de UGT, fai constar que no caso de nomeamento de funcionarios interinos por programas e acumulación de tarefas as retribucións establecidas provocan situacións de discriminación, con respecto ao persoal fixo que desempeña funcións equivalentes. Comenta como exemplo que hai interinos do grupo E cun nivel 16 e outros con cargo a vacante cun nivel 18, cando na maioría das ocasións realizan o mesmo traballo.



O coordinador de réxime interno, aclara que o persoal funcionario interino por execución de programas temporais fai traballos con cargo soamente ó seu programa, cando o persoal en vacante realiza moitas máis tarefas, e se lle pode esixir calquera tarefa.

A delegada sindical de UGT, en canto á axuda económica por asistir a cursos, xornadas, congresos solicita eliminar o seguinte apartado referente “cando varios interesados soliciten unha mesma actividade e axuda por desprazamento utilizarán, salvo causa xustificada, o mesmo vehículo”, xa que pode comprometer e limitar a liberdade persoal e mesmo a seguridade das persoas traballadoras.

O coordinador de réxime interno, informa que van facer un axuste na redacción, de tal forma que se indique que “procurarán utilizar o mesmo vehículo”.

A delegada sindical de UGT, en canto ós anticipos reintegrables, propón revisar o suposto de reintegro do anticipo en caso de baixa por finalización da relación laboral, excedencia, permiso sen soldo ou suspensión da relación laboral, que será practicado dentro do mesmo mes no que se produza a mencionada baixa. Considera que pode xerarlle ó funcionario situacións incómodas, no caso de permisos ou licenzas de curta duración sen soldo, polo que solicita unha aclaración.

O deputado delegado, considera que hai que buscar unha forma de garantía.

O coordinador de réxime interno, propón eliminar na redacción “permiso sen soldo”.

A delegada sindical de UGT, manifesta que está de acordo coa proposta.

Por outro lado, en canto á reclasificación de postos, aprecian disfuncións graves en categorías profesionais coa mesma denominación e clasificadas en grupos distintos realizando as mesmas funcións, como por exemplo os oficiais de control e vixilancia do Pazo provincial

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que o persoal non está obrigado a realizar funcións de superior categoría.

A delegada sindical de UGT, informa que existen tamén outras prazas ou categorías profesionais nas que as funcións a desenvolver non se corresponden coa clasificación efectiva no grupo ou subgrupo, resultando urxente a regularización da súa situación:

- Técnicos auxiliares en tradución e redactor/a-corrector/a, do grupo C1, deberían encadrarse no subgrupo A2, polo que solicitan a regularización desta situación e a creación de 3 prazas do A2 con cargo ás existentes de C1, por promoción interna.
- Condutores do Parque Móbil, clasificados no subgrupo C1 e C2, debendo unificarse.
- Delineantes (do Servizo de Infraestruturas, Mobilidade e Arquitectura), clasificados no grupo C1, cando debería corresponder un grupo B, que non está creado como tal na Deputación, polo que piden que se cree o grupo e se inclúa neste orzamento. Contéplase na LEPG e



noutras Administracións locais como a Deputación da Coruña ou Concello de Santiago de Compostela.

- Ademais de todas aquelas prazas para as que se esixa estar en posesión de titulación de FP Superior, solicitando neste punto a revisión do cadro de persoal (por exemplo, técnicos de laboratorio, cociñeiros....).

O coordinador de réxime interno, informa que se lles aportou unha sentenza do Tribunal Supremo, pero teñen que analizar o caso e a medida que teñan unhas conclusións internas medianamente claras e se consideran que ten viabilidade verase o tema nunha Mesa Xeral de Negociación. Comenta que non é viable engadilo neste orzamento. Manifesta que hai o compromiso de analizar a situación e pide que se as outras forzas sindicais coñecen outras situacións similares que fagan as súas aportacións para estudalo. Considera bo ir documentándose de tal forma que aporten sentenzas ou ditames de órganos consultivos

A delegada sindical de UGT, solicita a revisión do complemento específico dos postos de atención ao público, aplicando un maior porcentaxe de puntos co fin de retribuír estas características especiais.

En canto ás alegacións específicas, propoñen o seguinte:

Museo Provincial:

1. Funcionarización de todo o persoal laboral con posto de traballo susceptible de ser funcionarizado,
2. Dotar economicamente aos postos de responsables de seccións e unidades, debido á paulatina renovación e as transformacións experimentadas na estrutura organizativa do Museo, así como a ampliación a unha sétima sede.
3. Cambiar a denominación da praza vacante de conservador/a por xubilación, destinado a fondos arqueolóxicos, pola de conservador/a de fondos arqueolóxicos para adaptala ás necesidades do posto e a súa convocatoria
4. Revisar e incrementar os complementos específicos do persoal de mantemento e servizos varios por penalidade e perigo.
5. Promoción interna dos postos de A2 nivel 23, axudante do gabinete didáctico en A1-25.
6. Promoción interna do restaurador/a conservador/a grupo A2 nivel 23 nun A1-25.
7. Cambio de denominación dos postos de Gabinete didáctico por Educación

Servizos Lingüísticos: Solicitan transformar prazas de técnico auxiliar en tradución, e redactor/a-corrector/a, do grupo C1, nun grupo A2, debido a que as persoas que as ocupan están a realizar tarefas de superior categoría

Servizo de Infraestruturas e Arquitectura: Solicitan transformar das prazas de delineante, do grupo C1 ao grupo B, en función da titulación que se esixe para o desenvolvemento das funcións.



Centro Príncipe Felipe: Solicitan a promoción interna dunha praza de oficial de despesa C2, para dar cobertura á labor desenvolvida nesta función polo persoal do grupo E inferior.

Oral RPT persoal funcionario.

- Crear tres prazas de persoal técnico informático de xestión
- Crear mais prazas de técnico A2, para reforzar as áreas que se atopan en proceso de implantación ou desenvolvemento de novos procedementos tributario
- Asinar ás prazas de técnico medio A2 o complemento de especial dedicación
- Transformar a praza de Técnico Medio en RRRHH en técnico medio de xestión tributaria

Oral RPT persoal laboral fixo.

- Completar o proceso de funcionarización
- Asinar a dedicación a 4 prazas de xefatura de Negociado ou Responsable por equiparación aos demais postos que realizan estas funcións.
- Arbitrar un sistema de produtividades específico para este Servizo de Recadación

Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico: Crear prazas para a promoción da técnica/o auxiliar en composición e edición (categoría C1 e nivel 20) xa que leva realizando labores de categoría superior A2 ou función dunha xefatura de negociado (nivel 22).

Servizo de Comunicación Institucional.

1. Asinar ao posto de técnico en Deseño e Imaxe(A2) e redactora xefa (A1), a xefatura de negociado, necesaria para a coordinación e control das tarefas e o correcto desenvolvemento do traballo.
2. Crear a praza de técnico en Comunicación A1 para promoción do A2.

O coordinador de réxime interno, manifesta que toman nota das cuestións puntuais, aínda que algunhas delas xa están contempladas. Manifesta que non saben se van aceptar algunha ou non. Comenta que unha vez que cristalice o cambio da Escola de Cantería á Xunta de Galicia farán algunha modificación puntual. Fai constar que parte das peticións que non puideron acoller das xefaturas de Servizo poderán incluílas e valoralas.

O delegado sindical de CCOO, comenta que a súa sección sindical propón o seguinte:

1. **No complemento específico,** respecto a eliminación do factor dedicación nos postos das persoas que se xubilan, pregúntanse quen se fará cargo do traballo que requiría esa especial dedicación.
2. **Na carreira profesional** solicitan que se proceda a negociación das condicións para o acceso a este dereito
3. **No persoal interino e laboral:** incórrese en desigualdade e discriminación retributiva en relación cos funcionarios e laborais fixos.
4. **Nas horas extraordinarias:** solicitan un incremento do seu importe, polo que consideran que se debería revisar, aínda que son partidarios de que non se deben realizar.



O deputado delegado, recorda que o importe xa se incrementou fai uns anos, pero cando se parte dunha cantidade moi baixa, aínda subindo o 20% resulta insuficiente. Comenta que se se suben as cantidades vai en detrimento doutras situacións.

O coordinador de réxime interno, informa que o normal é a compensación e soamente cando non é posible páganse as horas extraordinarias.

O delegado sindical de CCOO, continúa explicando súa proposta:

5. **Xornada**. Solicitan a modificación da xornada de presenza efectiva no traballo nos casos de flexibilidade automática, de 9 a 14 horas.
6. **Teletraballo**: Posta en marcha de xeito inmediato do teletraballo en todos os centros da Deputación. De non ser posible que se oferte a posibilidade de traballo en remoto.

O coordinador de réxime interno, indica que o teletraballo está case a punto no Oral, pois soamente lles falta solucionar unha cuestión en materia de Prevención de Riscos Laborais. Informa que está instruído o expediente e agora vaise ditar unha Resolución Presidencial. Comenta que os prazos fixados no modelo operativo van ir un pouco xustos.

A delegada sindical de CCOO, considera que se está tardando moito. Fai constar que o persoal doutros servizos está interesado e non soamente o persoal do Oral. Salienta que van seguir insistindo en que se implante.

O coordinador de réxime interno, informa do desenvolvemento interno que implica a súa implantación, polo que leva o seu tempo. Comenta que as probas piloto como as do Oral están para testarnos.

O delegado sindical de CCOO, continúa explicando a súa proposta:

7. **Funcionarización**: para todo o persoal laboral que así reúna os requisitos
8. **Funcionarización no Oral**: afectaría aos administrativos (4 prazas) que non entraron no primeiro proceso e as últimas prazas de auxiliares de estabilización.

Así mesmo, propón que no Oral se creen novas prazas do grupo C1 e se cubra a praza do grupo A1. Pide que se elabore un protocolo para dar cobertura ós traballadores ante a violencia verbal ou física. Estima necesario que se lle asigne ó persoal un complemento de perigosidade.

O coordinador de réxime interno, formula a posibilidade de redactar un documento de actuación. En canto ó complemento de perigosidade, informa que o conflito non é con carácter habitual.

O delegado sindical de CCOO, pregunta se non é posible asignarlle ese complemento ó persoal do Centro Príncipe Felipe, pola tipoloxía de menores que se atende.



O coordinador de réxime interno, pon de manifesto que se analizou no seu momento e chegouse á mesma conclusión, pois non hai ese carácter de habitualidade. Informa que nun caso dun traballador operario de almacén asignóuselle ese complemento porque o desenvolvemento do seu posto de traballo de forma diaria implicaba un risco. Fai constar que o Comité de Seguridade e Saúde está para falar destes temas.

O deputado delegado, manifesta que non se opoñen a que se faga un protocolo senón que están de acordo, aínda con todas as dificultades que supón.

O delegado sindical de CCOO, pide que se cubran as prazas de diplomado/a en Enfermería.

Fan constar que entre as funcións dos educadores e técnicos Educativos non está dar a medicación. Pregunta quen lle dá a medicación ós menores o fin de semana. Consideran que deberían estar cubertos os tres postos.

A delegada sindical de CCOO, propón a redistribución dos postos de cociña de tal forma que sexan seis cociñeiros e seis axudantes. Pide que ós postos de oficial de cociña que fan funcións superiores se lle cambie o nivel pasando a C2-18. Pregunta que se no plan de traballo hai esa diferenciación de funcións por que non a hai no posto e complemento.

O coordinador de réxime interno, informa que o traballo que se está a realizar cos pregos para a elaboración da RPT axudará a ver as tarefas que realizan uns e outros traballadores.

O delegado sindical de CCOO, propón que o departamento de Gabinete Didáctico do Museo pase a denominarse departamento de Educación e Acción Cultural.

Así mesmo, propón crear unha praza de técnico superior DEAC do grupo A1 sobre unha do grupo A2. Solicita o cambio de denominación do posto de conservador/a por conservador/a de fondos arqueolóxicos, para adecuala ó posto. Solicitan a creación de prazas de conservador/a de fondos numismáticos, así como a creación de dúas prazas de restauradores/as, unha na área de papel e outra na de arqueoloxía. Pide que se cubran as prazas vacantes, entre elas unha de técnico/a auxiliar de arquivos e bibliotecas e outra de auxiliar de información e atención ó público.

En canto ó Servizo de normalización lingüística e servizos lingüísticos, propón unificar os postos de tradutor/a ó grupo A2.

En canto ó Servizo da Estación Fitopatolóxica Areeiro, propón a creación dunha praza de técnico/a de Administración Xeral, do Grupo A1, reclasificar aos operarios do E ao C2, e crear novas prazas de analista de laboratorio.

En canto ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais propón o seguinte:



- Aumentar o número de prazas a convocar para a reclasificación do colectivo de “oficiais de infraestruturas en vixiantes de residuos”.
- Crear un posto de xefe de negociado, do Grupo C1-22, para o Parque de Maquinaria.
- Reclasificar o encargado del almacén e encargado do taller en C1.
- Inclusión no réxime de gardas da fin de semana ao persoal mecánico.
- Subir o 30% por gardas localizadas fóra da xornada laboral ou ben en fin de semana.

En canto ó Servizo de Turismo, propón crear dúas prazas de “técnico de turismo” (A2) e dúas prazas de “informador de turismo” (C1) e cambiar o posto de técnico de administración xeral polo de adxunto a xefatura (A1-25).

En canto ó Servizo de Arquitectura, pide que se cree o grupo B para os delineantes e se faga xustiza equiparándoos ó nivel que teñen.

En canto ó Servizo de Contratación, solicita a creación de dúas prazas de técnico de xestión A2 sobre 2 de administrativo C1.

En relación a Secretaría Xeral, solicita a creación de dous postos de xefatura de negociado e a transformación da praza de oficial de servizos xerais e subalternos, nunha praza de auxiliar administrativo.

No referente ó Servizo de Comunicación Institucional, solicita a conversión das prazas de Técnico en deseño e imaxe (A2) e o posto de Redactora Xefa (A1) en xefaturas de Sección de imaxe institucional e sección de prensa respectivamente, así como a creación de praza A1 de Técnico en Comunicación sobre a de A2.

En canto ó servizo de NNTT, solicita a creación dunha praza C1 para reclasificar a auxiliar de deseño gráfico.

En relación ó Servizo de Cohesión Social e Xuventude, solicita:

- Cambiar a xefatura de Sección de Cohesión por adxunto á xefatura.
- Crear dúas prazas de traballador social.
- Solución retributiva para o encargado da Lanzada está a levar a cabo tarefas fóra da xornada ordinaria de traballo que non están sendo compensadas economicamente, pasando a asignarlle unha dedicación.
- Crear unha praza de TAX (A2) e unha praza de auxiliar administrativo (C2)

No referente ó Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, pide:

- Crear unha praza de técnico medio en composición e edición do grupo A2, por reclasificación.
- Crear unha praza de técnico de Administración Xeral A1
- Crear unha praza de administrativo C1, para xestión de subvencións.



- Cambiar a denominación do xefe de Sección de Arquivos por adxunto á xefatura, cós cambios retributivos e revisión do C.D.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara en canto á creación da praza de técnico medio de composición e edición por reclasificación, que a persoa en cuestión non posúe a titulación necesaria.

O delegado sindical de CCOO, considera que este ano toca facer un esforzo polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude. Fai constar que o nivel de traballo e estrés é moi elevado e hai moita temporalidade. Pide que se teña en consideración a situación do encargado da Lanzada, que está constantemente alí e non cobra polas funcións que realiza.

O coordinador de réxime interno, informa que se vai engadir no orzamento unha praza de adxunta á xefatura do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A delegada sindical de CCOO, salienta a necesidade de crear unha praza de Técnico de Administración Xeral para a Estación Fitopatolóxica Areeiro. Considera que este Servizo non dá ningún problema e debe terse moi en conta, xa que é un centro pioneiro onde se manexan cantidades de diñeiro importantes.

O coordinador de réxime interno, informa que na parte xurídica deste Servizo está axudando Secretaría Xeral.

Por outro lado, en canto á inclusión no réxime de gardas da fin de semana ó oficial mecánico, informa que o comentou co servizo e lle fan constar que non hai a carga de traballo suficiente para isto, pois trátase de situacións moi puntuais.

O deputado delegado, agradece o ton da reunión a pesar de que o marxe é escaso e as limitacións impídenlles atender todas as peticións. Agradece todas as aportacións e fai constar que o traballo que realizan as seccións sindicais non queda en barbeito senón que é aproveitado. Informa que este orzamento está condicionado ás limitacións que teñen. Sinala que se trata de propostas dos xefes de Servizo en base ó que necesitan. Moitas cuestións son produto de situacións anteriores e dificilmente se pode atender a todo. O procedemento en canto á formalidade vai ser cerrar o traballo da Mesa co documento que confeccionarán, sendo atendidas algunhas das aportacións realizadas. Non obstante, queda unha porta aberta si se cerra o procedemento de traspaso da Escola de Cantería, aínda que non vai ser unha barra libre nin a panacea, pero si vai ser posible facer unhas modificacións e compensacións. Pon en valor temas que acordaron e que se van desenvolvendo, como os procesos de funcionarización, que non son nada fáciles, pois cuestións que facemos na Deputación, noutras Administracións teñen serias dificultades. Sinala que quere cargar as tintas noutro proceso paralelo que é a estabilización. Noutras Administracións este proceso o teñen daquela maneira. Manifesta que a xestión global de RRHH é certamente importante e desexa por en valor o procedemento de estabilización. Indica que van facer outro proceso e a súa intención é chegar a un acordo con todos, tendo que ceder en algunhas cuestións. Considera que fan un gran servizo público e reitera a vontade



de chegar a un acordo. Espera chegar a fin de mandato cun tema avanzado, que é ter un coñecemento da RPT, xa que descubrir as disfuncións que temos vai permitir outra fase que seguro que é máis rápida. Entende que estase facendo un bo traballo nos procesos de funcionarización, estabilización e confección da RPT. Finalmente conclúe sinalando que é o momento de reflexionar sobre iso.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as catorce horas e corenta e tres minutos, do que como secretaria dou fe.

